

MOVEMENTO OBREIRO

A partir dos seguintes documentos, elaboraremos unha composición de texto histórico sobre o nacemento e evolución do movemento obreiro no século XIX en España.

Durante as décadas iniciais do século XIX producíronse importantes cambios na estrutura e organización da sociedade española. Ante a desaparición da sociedade estamental, o crecemento da burguesía e a formación do proletariado obreiro, a sociedade fíxose moito máis fluída e de maior movibilidade de clases ca estamental. A burguesía foi a máis favorecida, xa que eliminou os obstáculos que se opoñían ao seu enriquecemento e ao seu acceso ao poder político.

Os grupos tradicionais da sociedade evolucionaron de modo diferente ante as transformacións provocadas pola revolución liberal.

A nobreza conservou e incrementou os seus patrimonios e adaptouse á nova situación. Contribuíu ao mantemento do seu papel económico e social o aumento de novos títulos nobiliarios concedidos á burguesía.

No clero, os eclesiásticos e a igrexa perderon privilexios e riqueza e o número dos seus membros quedou reducido á terceira parte. A maioría dos seus membros, inconformes co cambio, militaron no carlismo e no tradicionalismo. Pero a relixiosidade en España era fonda, polo que seguiu a influír. Os progresistas limitaron o poder do clero e os conservadores favorecerono e existiu unha corrente anticlerical minoritaria.

O campesiñado seguiu sendo o grupo máis numeroso, sufrindo as consecuencias negativas das medidas de transformación do réxime de propiedade levadas a cabo polos liberais.

A burguesía e o proletariado social constituíron os grupos antagónicos da nova sociedade de clases. A burguesía constituíu o grupo ascendente da sociedade (comerciantes, militares, funcionarios...), exercendo o poder político e económico. Pero o escaso desenvolvemento económico español fixo da burguesía un grupo escaso cunha mentalidade pouco emprendedora e favorecedora ao ennobrecemento. Existía unha alta burguesía, que manexaba grandes fortunas, controlaba o poder político e localizábase nos centros económicos do país. O desenvolvemento económico e urbano orixinou a aparición e incremento das clases medias, grupos sociais que eran a masa intermedia entre a burguesía e os traballadores manuais, que foron favorables á introdución de reformas e defenderon os principios liberais e democráticos.

O proletariado desenvolveuse parello á industrialización, e non acadou unha importancia numérica significativa ata o século XX. Eran traballadores procedentes dos campos e dos talleres artesáns arruinados pola presenza das máquinas.

Os obreiros tiveron que soportar duras condicións de vida, polo que tiveron que organizar accións reivindicativas para ir logrando melloras salariais e laborais.

Na nova sociedade de clases, existiu unha importante conflitividade social que deu orixe ao nacemento de organizacións que loitaron para conseguir melloras salariais e laborais para a clase traballadora, é o que se coñece como movemento obreiro.

Os principios liberais de liberdade de contratación e salarios, o interese da burguesía de obter os máximos beneficios e a falta de regulamentación laboral, fixeron que os traballadores industriais estivesen sometidos a duras condicións de traballo como as longas xornadas, os baixos salarios, a ausencia de dereitos e o sometemento ao ritmo das máquinas. Ademais, na agricultura, fábricas e minas, o emprego da man de obra infantil e feminina foi moi abundante, pois o menor salario que recibían animou á súa contratación por uns patróns ávidos de obter beneficios.

As primeiras protestas obreiras en España aconteceron nas décadas de 1820 e 1830. Os obreiros reaccionaron ante a perda do seu traballo coa destrución das fábricas e das máquinas, ás que crían causantes da súa desgraza. Estas accións ludistas (en lembranza de Ned Ludd, obreiro inglés e primeiro destrutor das máquinas) iniciáronse en Levante e Cataluña (incendio de 1835 na fábrica de

Bonaplata) e continuaron durante décadas con escasa repercusión, pois eran movementos esporádicos pouco planificados, duramente reprimidos e castigados polas autoridades.

Cando non había acordo cos patróns nas súas solicitudes e propostas, os xornaleiros empregaron a folga como medio máis eficaz de loita. Era un acto no que, abandonando o traballo, se presionaba para conseguir as melloras solicitadas.

Diferenciábase a folga sectorial (dun sector laboral), xeral reformista (de todos os sectores dunha cidade ou dun país) e xeral revolucionaria, cando tamén hai peticións de cambio político.

Para que a folga triunfase, debíase planificar e contar co apoio dos traballadores e cos medios económicos para poder atender as necesidades dos obreiros en folga (caixas de resistencia), ademais de non presentar reivindicacións inalcanzábeis.

Os obreiros das fábricas formaron asociacións para a defensa dos seus intereses e para coordinarse na súa actuación fronte aos patróns. Tiñan o seu antecedente na tradición gremial. Naceron así as sociedades de resistencia ou de socorro mutuo e os sindicatos por oficios.

Unha lei de 1839 autorizaba a fundación de sociedades de socorro mutuo. No 1844, o goberno moderado prohibe o dereito de asociación, para ser aprobado de novo polo Bienio progresista no 1855 e logo de novo prohibido agás no Sexenio. A partir de 1887 foi aprobado definitivamente pola Lei de asociacións de Sagasta.

Durante o Sexenio, produciuse unha penetración das ideoloxías europeas en España.

O anarquismo foi introducido a partir de 1868 por Giuseppe Fanelli, amigo e discípulo de Bakunin. O anarquismo tivo unha gran influencia no movemento obreiro español, especialmente en Cataluña, Levante e Andalucía. O seu obxectivo básico era a transformación revolucionaria e total da sociedade capitalista mediante a destrución do Estado, a eliminación de calquera tipo de autoridade ou poder, a supresión da propiedade privada, a abolición do dereito de herdanza e a eliminación de todo tipo de diferenza socioeconómica. A nova sociedade anarquista debía organizarse en comunas autónomas, gobernadas en réxime de autoxestión, onde a autoridade fose substituída por acordos libres e pactos solidarios entre os seus habitantes, todos eles copropietarios dos medios de produción e a transformación debía ser levada a cabo polos traballadores, especialmente polos máis desfavorecidos do proletariado agrario.

Os anarquistas desconfiaban da eficacia da loita política para transformar a sociedade e por iso practicaron a abstención e o retraemento electoral. Como vía de loita propuxeron diversos medios como a folga xeral revolucionaria, a creación de sindicatos, a formación de organizacións clandestinas e o emprego da violencia e o atentado (propaganda pola acción), o que xerou discrepancias entre eles.

Paul Lafargue, xenro de Marx, foi o introdutor do pensamento marxista en España durante a súa estancia en 1871. O marxismo pretendía conseguir a sociedade socialista mediante a transformación da capitalista, para o que había que ter en conta que as condicións económicas e materiais determinan e modifican as condicións sociopolíticas dunha comunidade. O medio máis eficaz para conseguir a modificación da sociedade é a loita de clase. Estes cambios debía realízalos o proletariado, organizado en sindicatos e partidos políticos obreiros e os traballadores debían conquistar o poder e utilizar o Estado como instrumento de nivelación social. Unha vez conquistado o poder, o proletariado debía impoñer unha ditadura, na que se expropiaban a propiedade privada e os medios de produción que debían pasar ao Estado. Lograda a colectivización e socialización dos medios de produción, todos os individuos deberían ter iguais condicións de vida na nova sociedade socialista.

Nun proceso de crecemento, os sindicatos de oficio deron paso ás federacións locais e aos sindicatos xerais nos que se integraron todos os oficios do país. Tamén se organizaron partidos obreiros para loitar pola mellora da clase obreira, esixindo unha lexislación laboral favorable aos traballadores. Todo isto cunha clara oposición entre anarquistas e socialistas.

En 1864 fundouse en Londres a Asociación Internacional de Traballadores ou Primeira Internacional, co obxectivo de potenciar a unión e loita dos traballadores. En 1870 fundouse en Barcelona a Federación Rexional Española (FRE), unha organización federativa constituída por distintas seccións obreiras e integrada na AIT. A maioría destas seccións aceptaron e defenderon as consignas anarquistas. A FRE pronto se expandeu por España, provocando un forte temor nos empresarios e políticos liberais. Levantamentos populares como o de Alcoi propiciaron a prohibición das actividades da Internacional en España no 74, aínda que seguiu actuando na clandestinidade ata a súa disolución en 1881.

O anarquismo caracterizouse pola súa división, tanto ideolóxica como práctica. Uns foron partidarios de centrar a actuación no terreo sindical e outros optaron por defender as súas ideas a través de accións directas e violentas.

A reacción anarquista ante a represión desatada despois da Semana Tráxica de Barcelona propiciou a fundación nesta cidade do sindicato Confederación Nacional do Traballo (CNT) no 1910, que defendeu a folga xeral revolucionaria como a táctica esencial para a emancipación da clase traballadora. A partir de 1923, coa ditadura de Primo de Rivera, os sindicatos cenetistas foron clausurados. En plena clandestinidade, e ante a actitude dalgúns líderes da CNT de buscar vías máis posibilistas, os máis radicais fundaron en 1927 a Federación Anarquista Ibérica (FAI). Os máis extremistas defenderon o uso da propaganda pola acción con atentados e asasinatos contra personalidades dominantes para conseguir o derrubamento da orde establecida. Nesta liña de actuación encádrase a organización andaluza anarquista e secreta, da Man Negra (1882-1883), de fonda incidencia polos seus métodos e atentados cometidos.

O Partido Socialista Obrero Español fúndase clandestinamente en 1879 por socialistas madrileños. Tras a publicación da Lei de Asociacións de 1887, celebrou o seu primeiro Congreso en 1888. A Unión Xeral de Traballadores, sindicato afín a este partido foi constituída no 1888. O ferrolán Pablo Iglesias Posse foi o seu máximo impulsor.

No 1889, a Segunda Internacional establece o primeiro de maio como o día do traballador.

A partir de 1890, o PSOE presentou candidatos ás eleccións municipais e xerais e no 1909 Pablo Iglesias convertiuse no primeiro deputado socialista.

No 1917 triunfa a revolución soviética e Lenin funda a Terceira Internacional. A consecuencia disto, fórmase no 1921 o Partido Comunista de España.

Ante o avance do anarquismo e do socialismo entre os traballadores, a igrexa tentou contrarrestalas mediante a creación de organizacións semellantes pero desde unha óptica cristiá. No 1887 organizáronse en Círculos Católicos, regulamentados polo Padre Vincent. Destacan o Sindicato Católico dos Ferroviarios Españóis e a Federación Nacional de Sindicatos Católicos (1912).

A reforma agraria liberal alterou as condicións de vida dos campesiños, producíndose un incremento da conflitividade no campo.

En Andalucía predominaban as grandes propiedades en mans da oligarquía, polo que o número de xornaleiros sen terras era moi elevado, sendo proletarios agrícolas ameazados co paro e a fame, polo que protagonizaron numerosas revoltas, como as de Utrera e Arahal (1857).

En Galicia, no 1910 fúndase a asociación agrarista Acción Galega, dirixida por Basilio Álvarez e que pide a redención dos foros, a eliminación do caciquismo, potenciar as vías de comunicación interior e exterior, fomentar a industria, establecer cooperativas agrícolas e bancos de labregos e non aceptar como deputados galegos máis que os que defendesen as aspiracións agrarias. A redención de foros conséguese no 1927 por Primo de Rivera.

O incremento dos prezos dos produtos de primeira necesidade e a escaseza dos mesmos sumada aos impopulares impostos dos consumos que os gravaban, fixo que se orixinaran nas cidades protestas populares, en forma de motíns contra os responsables da situación. Nos comezos do século XX as protestas adquiriron un carácter de folga xeral, sendo os sindicatos os encargados de planificalas

(como a de 1916 realizada de forma conxunta por UXT e CNT).

Para defender os seus intereses e facer fronte ao goberno e ao proletariado, os empresarios constituíron tamén asociacións, que na súa maioría eran provinciais, pero algunhas tiñan intención de chegar ao ámbito estatal como a Confederación Patronal Española e a Liga Nacional de Fomento do Traballo Nacional.

A actitude do estado ante os problemas sociais variaba segundo quen gobernase ata que xa no século XX se recoñecen unha serie de dereitos para os traballadores. Pero sempre vixilaban o movemento obreiro, sen dúbida en empregar a forza, recorrendo á Garda Civil ou ao exército para sufocar folgas e manifestacións.

A pesar das dificultades, o movemento obreiro conseguiu que o Estado liberal elaborase leis de carácter laboral que regulasen o traballo. En 1883 creouse a Comisión de Reformas Sociais para atenuar a explotación da clase traballadora. En 1903 convertiuse no Instituto de Reformas Sociais, que asesoraba ó Goberno para impulsar a obra lexislativa que regulaba e melloraba as condicións da clase obreira. En 1908 creouse o Instituto Nacional de Previsión, para a xestión dunha incipiente seguridade social. No 1909 apróbase a concesión do dereito de folga e no 1919 a redución da xornada laboral a oito horas.

Como conclusión podemos dicir que as revolucións reformistas conseguiron os seus obxectivos grazas á dureza das revolucionarias, conseguindo así a melloras en todos os ámbitos para os traballadores.